

ANUNCIO

O 16.03.2022 o concelleiro delegado de Vivenda e Rehabilitación aprobou as “*Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana dos barrios da Magdalena e Ferrol Vello, A Graña e Esteiro Vello, no Concello de Ferrol, referidas aos convenios entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 01.12.2021 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2021*”.

O texto íntegro da convocatoria publícase no BOP e na páxina Web do Concello de Ferrol (endereço <https://www.ferrol.gal/rehabilitacion>). O teléfono da Oficina de Rehabilitación, 981 944 065, estará dispoñible en horario de 9:00 a 14:00 horas para as consultas ao respecto. Os anuncios da convocatoria publicaranse no DOG e no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol.

Deberanse presentar as solicitudes xunto coa documentación preceptiva descrita na convocatoria, mediante os impresos normalizados, no Rexistro do Concello de Ferrol ou por calquera medio dos admitidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 09:00 horas da mañá do día 04.05.2022.

O prazo de presentación de solicitudes coa documentación prevista no apartado 12 prolongarase ata o día 30.04.2026 ou ata o esgotamento do crédito dispoñible ou do número de intervencións concedidas, se se producen con anterioridade.

Os impresos normalizados estarán dispoñibles no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol e na súa páxina web (<https://www.ferrol.gal/rehabilitacion>).

Ferrol, 16 de marzo de 2022.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas,
Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación,
Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna
(delegación da Alcaldía do 08.07.2019
publicada no BOP 137 do 22.07.2019)
Julián Reina Villalón